

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E PRECISION CANCER CONSORTIUM PARA A PROMOCIÓN DA MEDICINA DE PRECISIÓN E O ACCESO AO PERFIL XENÓMICO INTEGRAL (CGP)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e Precision Cancer Consortium (en adiante PCC) asinaron o 23.02.2026 o convenio arriba referido. O convenio terá unha vixencia catro anos a partir do día seguinte á súa firma, podendo ser prorrogado, por acordo das partes, por un período de ata dous anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para contribuír a mellorar o acceso dos pacientes ao CGP (polas súas siglas en inglés: Complete Genome Profiling), tanto na atención clínica habitual como na investigación biomédica, concienciar ás partes interesadas e mellorar o seu coñecemento, incluíndo profesionais da saúde, pacientes e xestores, sobre o valor clínico do CGP, e identificar e abordar as barreiras de implementación para garantir o acceso equitativo ás tecnoloxías de probas xenómicas.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, ten publicada a Estratexia de Oncoloxía de precisión que inclúe un total de 17 liñas de actuación para conseguir no cronograma establecido (2024-2028) a consolidación dunha oncoloxía de precisión, entendida como a oncoloxía centrada na procura de tratamentos do cancro personalizados en base as características xenéticas e moleculares das células tumorais de cada paciente.

As liñas 4, 5 e 7 da devandita estratexia céntranse en deseñar e por en marcha unha rede de análise xenético molecular que de maneira coordinada realice técnicas para a determinación dos biomarcadores en mostras biolóxicas para a correcta caracterización dos tumores e por tanto, permita avanzar no tratamento personalizado e dirixido dos pacientes con cancro que son atendidos nos centros do Servizo Galego de Saúde.

As técnicas que implican secuenciación avanzada pola súa novidade e complexidade técnica aínda non están completamente incorporadas no ámbito asistencial, detectándose barreiras como a falta de formación ou de perfís profesionais específicos para a posta en marcha ou interpretación dos resultados derivados.

O PCC é unha organización internacional comprometida co avance da medicina personalizada en oncoloxía e a promoción do acceso a diagnóstico xenómico integral ou avanzado. O consorcio está a traballar con diferentes institucións europeas e internacionais ofrecendo apoio científico, técnico e educativo para axudar o desenvolvemento, integración e consolidación do diagnóstico xenómico integral ou avanzado nos servizos de saúde.

O convenio que asinado establece o marco colaborativo entre as partes asinantes co gallo de contribuír a mellorar o acceso ao diagnóstico molecular avanzado, tanto na atención clínica habitual como na investigación biomédica, a través de actividades de concienciación das partes interesadas sobre o valor clínico desta ferramenta diagnóstica e mais para identificar e abordar as barreiras que dificultan un acceso equitativo ás tecnoloxías de probas xenómicas na atención aos pacientes con cancro.

Como aspectos a ter en consideración, e que veñen xustificadas polas características de PCC como un consorcio internacional destacan, a proposta de contar con tres entidades (Avalere Heath, R2R Holdings Ltd e mais a Fundació HiTT) para o apoio nas actividades relacionadas con este acordo en España, e mais o feito de que o acordo inclúe versión en inglés e en castelán.

A este respecto, estableceuse unha cláusula (décimo sexta) para aclarar que no caso de discrepancia, a versión que prevalecerá será a castelán.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

